


NOVIDADE
EDITORIAL

EDITORA
alvarellos

O novos e premiados poemas de Emma Pedreira

Alvarellos Editora publica na súa colección Libros do Sarela o libro de poemas *Antídoto* de Emma Pedreira, premiado na última edición do Certame Literario do Concello de Vilalba. Unha edición bilingüe galego-castelán, ilustrada, na que a poeta reflexiona sobre as soidades non escollidas. A obra inclúe a “Lista da compra da viúva”, poema que recibiu en 2017 o Premio Internacional Jovellanos.

SANTIAGO DE COMPOSTELA, VERÁN DE 2018.- Emma Pedreira (A Coruña, 1978) é unha das máis inspiradas, singulares e premiadas voces da actual poesía galega. Encadrada na coñecida como Xeración dos 90, estreouse cos versos do *Diario bautismal dunha anarquista morta* (1999). Dúas décadas despois recibe o Premio da Crítica (2017) e o Premio Xerais de Novela (2018). En todo este tempo foi tecendo ata unha ducia de libros de poemas (sempre premiados) onde destila a súa visión fonda, crítica, inspirada e feminista da vida.



FICHA TÉCNICA: 142 pp | 14 x 19 cms.
ISBN 978-84-16460-41-0 | PVP: 14,00 €



Antídoto recibiu en 2017 o premio de Poesía do Certame Literario do Concello de Vilalba na súa renovada edición nº XLIII. Sae publicado agora en versión bilingüe galego-castelán e ilustrado por Xulia Nieto. A poeta reflexiona nestes versos sobre as soidades non escollidas. Escrito dende a dor, busca a luz na palabra, nun verso que camiña libre, pleno de potencia expresiva. Entre os poemas que integran esta obra figura a “Lista da compra da viúva”, composición que recibiu en 2017 o Premio Internacional de Poesía Jovellanos como “el mejor poema del mundo”.

